

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 10/04/1959

Colección:

Data: 10/04/1959

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Américo Castro; Maruxa Seoane; Elena Tormo; Ramón María Valle-Inclán;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 10/04/1959

Buenos Aires, 10 de abril (sic) de 1959

Sr. D.

Domingo García Sabell
Santiago de Compostela.

Meu querido Domingo:

Recibín a tua carta do 28 de marzo, e agradézoche moito as lembranzas do meu album Doce cabezas. Continúo traballando moito. Traballo sempre. Fixen nistes derradeiros anos diversos muraes con técnicas diversas: vitraes, ferro e bronce, relieves, pintura, etc., pero xa falaremos disto.

Citania acordou o seu aviso dunha páxina pra ise número de Insula. Dieste

prometeu a sua colaboración i eu enviareiche o que me pides denantes do remate de abril. E posíbel que a fin de ano vaia a Europa, concretamente a Suiza, onde me invitan a facer dúas esposicións nos museos de Basilea e Berna. Tamén teño propostas de galerías de Milán e Roma, mais non sei si poderei facer ren nistas cibdades, pois teño moito que facer eiquí e non moitos folgos pra viaxar. Fixen cousas novas, afondando o que podo os meus recursos eispresivos. Iste ano diseñei tamén algús mobles e alfombras. Dos muraes uns pintores mozos fixeron un pequeno documental en 16 mms. do que che enviarei unha copia pra que a pasedes nisa e vexades algo do que fixen niste senso. Dinlles un disco da Polifónica de Pontevedra pro acompañamento musical. Isto é todo. ¿Por qué non me escribes unha longa carta falándome dos teus proieitos? ¿Qué é da biografía de Valle Inclán que tiñas en estudo?.

Recibín o teu ensaio sobor Américo Castro que me pareceu moi bon, e que che agradezco. Escíbeme. Eu enviareiche o material de Insula con tempo.

Saudos moi garimosos pra Elena e tí de Maruxa e meus, e tí recibe unha forte aperta de:
Seoane.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.